



## INFORME SECTORIAL AUGAS DE GALICIA

**ASUNTO: ESTUDO DE DETALLE PARA REAXUSTAR AS ALIÑACIÓNS NA RÚA CAMIÑO DO REGUEIRO (FENE)**

**PETICIONARIO: CONCELLO DE FENE**

### Obxecto

Informe solicitado polo Concello de Fene sobre o **“Estudo de Detalle para reaxustar aliñacións no Camiño do Regueiro (Fene)”**, previsto no artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

### Antecedentes

Con data 09/12/2020, o Concello de Fene envía a documentación relativa á **“Estudo de Detalle para reaxustar aliñacións no Camiño do Regueiro (Fene)”**, solicitando a emisión do oportuno informe sectorial. Con data 09/12/2020 ten entrada a documentación nos Servizos Centrais de Augas de Galicia.

### Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e regúlanse determinadas cuestións no desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Real decreto 11/2016, do 08 de xaneiro, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa.
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación.
- Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Risco da Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia – Costa.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

### Análise da documentación

A documentación aportada co **“Estudo de Detalle para reaxustar aliñacións no Camiño do Regueiro (Fene)”**, consiste en: Memoria xustificativa (1. Datos xerais. Axentes intervintes, 2. Levantamento topográfico, 3. Obxectivo do Estudo de Detalle. Lexislación urbanística de aplicación, 4. Ámbito de aplicación. Estado actual dos terreos, 5. Innecesariedade do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, 6. Determinacións establecidas polos instrumentos de ordenación do territorio que inciden no ámbito do Estudo de Detalle, 7. Identificación das afeccións derivadas da Normativa sectorial que inciden no ámbito do Estudo





de Detalle, 8. Aliñacións establecidas no PXOM, 9. Explicación da solución adoptada. Reaxuste das aliñacións propostas no ED, 10. Cumprimento das exigencias legais e regulamentarias de aplicación e 11. Tramitación do Estudo de Detalle), Anexos e Planos (Planos de información e Planos de ordenación).

O Estudo de Detalle ten por obxecto reaxustar as aliñacións propostas polo PXOM na rúa Camiño do Regueiro sita no núcleo urbano de Fene.

O ámbito do Estudo de Detalle é a rúa Camiño do Regueiro situada no extremo norte do núcleo urbano de Fene e que descorre en dirección sur-norte dende o Barrio de San Valentín ata o límite do concello de Neda. A rúa está pavimentada con firme asfáltico, conta coa totalidade dos servizos urbanísticos e con pintura viaria aínda que carece de beirarrúas. O grado de consolidación polas edificacións é moi considerable e o uso maioritario dos terreos é o residencial cun claro predominio de tipoloxías de vivenda familiar aínda que existe dous edificios de planta baixa e dúas plantas altas. A meirande parte das fincas están pechadas con cerramentos de fábrica e moitos deles semellan ter certa antigüidade polos tipos de materiais e acabados utilizados.

A proposta de ordenación baséase nas seguintes pautas:

- Nos tramos da rúa na que existen elementos construídos en ambos marxes, edificacións ou cerramentos, a aliñación axústase ás liñas configuradas por estes elementos fixando como distancia entre aliñacións a existente. Esta distancia coincide sensiblemente na meirande parte dos casos cós 11 m que se establecen na planimetría do PXOM debido sen dúbida ao axuste destes elementos ao planeamento vixente e mesmo ao PXOU do ano 1985 no que xa se establecía esta mesma distancia entre aliñacións. Esa situación é a que predomina na maior parte da lonxitude da rúa coincidente co ámbito do Estudo de Detalle.
- Nos tramos nos que existe cerramentos ou edificacións soamente nun dos marxes que coinciden sensiblemente coas aliñacións establecidas no PXOM fórmase a aliñación na marxe contraria a 11 m do elementos construtivo existente, axustándose ao disposto no PXOM vixente.
- Nas zona de curvas suavízase o trazado das aliñacións respecto das formuladas no PXOM eliminando os ángulos e realizando acordos curvados entre as aliñacións adaptándose á realidade da rúa existente.

Analizada a documentación aportada, procédese a informar os seguintes aspectos que se detallan a continuación, sen prexuízo das demais competencias que ten atribuídas este organismo de conca e sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do presente informe, nin ámbito da área que o emite.

## **INFORME:**

### **Rede fluvial**

O ámbito de estudo atópase dentro do sistema de explotación N°14: "FERROL". Da información proporcionada polo Visor da IDE Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa, dedúcese que nas inmediacións do ámbito discorre un rego innominado e o ámbito se verá afectado pola súa zona de policía.

Deberase incluír nos planos de ordenación todos os cursos fluviais, coa súa codificación, e as súas zonas de protección (servidume e policía).





A información relativa á rede fluvial, pódese consultar e contrastar na páxina web de Augas de Galicia, <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>.

Cómpre sinalar que no caso de que existan outros cursos fluviais ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4, 78 e 126 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH) calquera actuación precisará autorización administrativa do organismo de conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro organismo da Administración. Neste momento procedemental analizarase en detalle a actuación, establecéndose todos os condicionantes e prescricións oportunos para o seu desenvolvemento.

### Zonas protexidas

No ámbito de actuación consta a seguinte zona protexida incluídas no Rexistro de Zonas Protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia - Costa, aprobado por RD11/2016, do 08 de xaneiro:

- Zonas protexidas a nivel europeo:
  - o A área captación zonas sensibles ESCM995

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>.

En todo caso, deberase ter en conta a presenza de humedais ou outras zonas húmidas no desenvolvemento da actuación, adoitando as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes.

### Zonas inundables

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos cumpren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).





Defínense como ARPSIs a aquelas zonas do territorio para as cales se chegou á conclusión de que existe un risco potencial de inundación significativo ou ben nas cales a materialización de tal risco poida considerarse probable como resultado dos traballos de Avaliación Preliminar do Risco de Inundación (EPRI), realizados no ámbito de cada demarcación hidrográfica, en cumprimento do artigo 5 do Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, que traspoñe a Directiva 2007/60/CE, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.

Na páxina web de Augas de Galicia, <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>, pódese consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente. **O ámbito de actuación non está afectado por ningunha ARPSI delimitada por Augas de Galicia.**

### Conclusión

Vista a documentación aportada, infórmase favorablemente a "**Estudo de Detalle para reaxustar aliñacións no Camiño do Regueiro (Fene)**", sempre que se teñan en conta as prescricións sinaladas neste informe.

Este informe emítese estritamente desde o punto de vista das competencias deste organismo de conca, en virtude do establecido no artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, sen entrar a valorar outras consideracións técnicas, urbanísticas ou ambientais que non son obxecto do mesmo e sen prexuízo dos condicionantes que se poidan establecer nas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia que se tramiten segundo o establecido nos artigos 9.4, 78 e 126 do RDPH.

Santiago de Compostela – A xefa de área de autorizacións e concesións – María C. Beneyto González-Baylín (sinatura dixital)

Santiago de Compostela – subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (sinatura dixital)

